



O Dépor regresa a *LaLiga Genuine*, de novo da man de R

- *Por cuarta tempada consecutiva R acompañará o Deportivo de LaLiga Genuine reafirmando a aposta do operador galego a prol do deporte da terra.*
- *A marca R estará presente no equipamento dos xogadores e do equipo técnico deste conxunto de fútbol onde xogan persoas do colectivo D.I.*
- *A alianza entre o club de fútbol e o operador galego responde á aposta conxunta polos valores da integración social e a deportividade, esenciais para ambas as dúas entidades, segundo manifestaron os seus representantes.*

A Coruña, 1 de abril de 2022.- R vén de rubricar coa Fundación Real Club Deportivo a renovación do acordo de patrocinio do Deportivo de LaLiga Genuine, onde xogan persoas do colectivo D.I. (con Discapacidade Intelectual). Coma fixera nas tres tempadas anteriores, o operador galego convértese durante a tempada 2021-22 en patrocinador do conxunto coruñés e reafirma o seu compromiso co deporte galego, mantido dende o principio da súa andaina.

Presenza de marca

O logo do operador galego estará presente **no equipamento dos/as xogadores/as e do equipo técnico** do Deportivo de *LaLiga Genuine*, quen levarán a vestimenta oficial do grupo en todos os partidos que disputen, tanto amigables coma oficiais. Isto aplica, ata o remate da presente tempada, a todos os encontros na Cidade Deportiva de Abegondo e en calquera caso organizados pola Fundación Real Club Deportivo ou ao Real Club Deportivo.

Así mesmo, a marca do operador galego vai figurar **na web do Deportivo** (www.rcdeportivo.es) **coma empresa patrocinadora** e, sempre que o permita a situación sanitaria, o conxunto deportivista de LaLiga Genuine xogará un **encuentro amistoso ou desenvolverá algunha outra acción** na que poidan participar membros do equipo coruñés.

Alfredo Ramos, Director de **R**, móstrase moi compracido polo feito de que “o club coruñés elixa por cuarto ano consecutivo a marca **R** para patrocinar o Deportivo de LaLiga Genuine. Para nós é moi importante darlle percorrido ao compromiso contraído dende sempre co deporte galego, e aínda máis se, coma neste caso, falamos dos valores da solidariedade, a deportividade e o respaldo á integración social, acuñados na esencia deste conxunto. Levamos xa uns anos aprendendo das persoas maravillosas que integran o Deportivo Genuine e estamos contentísimos de que o noso **R** siga ao seu carón”

Comeza LaLiga Genuine

O acordo chega en vésperas de que, despois de dous anos de ‘parón’ pola pandemia, a competición volva con toda a súa forza. Esta fin de semana comeza LaLiga Genuine 2021/2022 cos encontros da primeira fase do campionato, á que viaxarán 16 xogadores branquiazuis: Andrés Barbeiro, Antonio Cagiao, Sergio Díaz, Senén Fernández, Alejandro Gómez, Roi González, Saúl Jiménez, Xosé Marquina, Anxo Martínez, Javier Martínez, Sergio Nieto, Alberto Piñeiro, Alejandro Rey, Miguel Rivas, Víctor Vales e Álvaro Vidal.

A competición terá lugar nas Palmas de Gran Canaria, onde se darán cita xunto a outros 23 equipos da competición: FC Barcelona, Cádiz CF, UD Las Palmas, FC Cartagena, Villarreal CF, Valencia CF, Rayo Vallecano, UD Almería, Gimnàstic de Tarragona, Elche CF, Granada CF, SD Eibar, Sevilla FC, Real Betis, Málaga CF, SD Huesca, Reus, Albacete, CD Tenerife, Atlético de Madrid, RCD Mallorca, Real Sociedad e Levante UD.

Na Cidade Deportiva de Barranco Seco o Dépor enfrontarase o sábado ás 10:30 h ao Reus e ás 16:30 h ao Real Betis. O domingo ás 10:00 h pecharán esta primeira xornada contra o Albacete.

Para preparar esta estrea en competición os futbolistas do Dépor Genuine adestraron en dous grupos o pasado luns e mércores na Cidade Deportiva da Torre. Ademais, grazas á colaboración co equipo da Fundación San Rafael o grupo fixo as probas COVID necesarias para poder encarar esta competición e viaxar hoxe ás Palmas.

LaLiga Genuine: o primeiro, a deportividade

Este proxecto que vencella fútbol e integración social comezou a súa andaina da man de LaLiga na tempada 2017-18. A competición xógase na modalidade de **Fútbol 8**, partidos de 4 partes de 10 minutos cada unha, e a tempada divídese en 4 fases que se desenvolven en diferentes sedes.

Trátase dun torneo no que participan conxuntos do colectivo D.I., e no que ademais da puntuación polos resultados deportivos, todos os clubs contan tamén cada xornada, para que prime a deportividade, cunha serie de puntos que premian o xogo limpo.

Sobre o Dépor de LaLiga Genuine

O equipo deportivista de LaLiga Genuine está composto por trinta xogadores e dúas xogadoras e formouse hai cinco tempadas coa colaboración da Asociación Down Coruña, Aspronaga, Fundación Adcor, Aspaber, Aspanaes, AspadiSol e Fundación Abrente. Adestrados por Lucía Otero e Carlos García Collazo e coordinados polos responsables da Fundación Real Club Deportivo, con Gelines Romero á cabeza, veñen de retomar a actividade de adestramentos, nas instalacións da Torre e de Abegondo, na medida en que a situación sanitaria o permitiu, ao ser un grupo de especial risco. Os adestramentos complétanse con encontros e obradoiros, así como actividades sociais como limpeza de praias ou torneos solidarios. Tamén participan nos actos sociais do Club como calquera outro equipo, como na recollida de alimentos e xoguetes do pasado mes de decembro, o que supón unha especial motivación para os membros do equipo e das asociacións, que atoparon a través deste proxecto unha potente ferramenta de visibilización e integración social.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda ancha e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. **R**, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica.

O operador atópase en pleno proceso de modernización da súa infraestrutura, co que todos/as os/as seus/súas clientes/as disporán este ano da rede de fibra e 5G máis rápida e moderna de España, con posibles accesos de ata 10 xigas simétricos, para situar a Galicia entre as rexións máis avanzadas de Europa en tecnoloxía e infraestruturas de telecomunicacións. (R.gal).

Comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal

Comunicación RC Deportivo

prensa@rcdeportivo.es

www.rcdeportivo.gal